



MANIFESTO DE ADHESIÓN DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS E DA REDE GALEGA DE LOITA CONTRA A POBREZA E A EXCLUSIÓN SOCIAL A NOVA AXENDA SOCIAL DE GALICIA COMO MECANISMO PARA ASUMIR OS DESAFÍOS SOCIAIS ACTUAIS

En Santiago de Compostela, a 7 de xuño do 2016.

Alfredo García Rodríguez, Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), no seu nome e representación,

e Antonio Hernández Fernández, Presidente da Rede Galega de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN-Galicia), no seu nome e representación.

En relación aos desafíos sociais que ten formulados Galicia na actualidade e logo da súa valoración e análise coas entidades do eido social no marco da elaboración da Nova Axenda Social para Galicia,

1.- Manifesta que a atención das situacions persoais e familiares de risco de pobreza ou exclusión social é un dos principais desafíos que as Administracións públicas e as entidades de acción social do terceiro sector, xunto coa implicación de toda a sociedade, teñen que abordar na actualidade.

2.- Sinala que, debido aos recentes cambios estruturais que vén de padecer a sociedade actual, a pobreza e a exclusión social está ligada a novos factores que ata a data permanecían alleos a aquela, como a precariedade laboral, a falta de formación, a imposibilidade de acceder a unha vivenda digna ou desarraigo social.

3.- Considera, así mesmo, que as situacions de vulnerabilidade, de risco fronte a pobreza e a exclusión social non veñen determinadas exclusivamente polo feito de atoparse nunha situación de desemprego. Sen prexuízo do anterior a pobreza monetaria, determinada por baixos ingresos ou pola falla destes, está estreitamente vinculada con situacions persoais e familiares de privación material severa.

4.- Indica que no traballo da diagnose da Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, identifíouse un grupo de poboación que aínda tendo emprego presenta carencias materiais severas na súa situación. Neste grupo, as familias con menores de 16 anos a cargo son un perfil específicamente vulnerable en termos de desigualdade, pobreza e exclusión. Dentro dos fogares con menores, a monoparentalidade é a tipoloxía do fogar que rexistra a taxa de risco de pobreza más alta.

5.- Determina que, neste contexto, xorde a necesidade de activar medidas dirixidas a atender de xeito específico as carencias que rexistran os fogares con maior taxa de pobreza, e especialmente daquelas familias que rexistran actividade económica e baixos ingresos e que, por diversas razóns, non acceden aos dispositivos de axuda de inclusión.



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA



fegamp

6.- Declara que, co obxectivo de abordar as novas situacións de pobreza e exclusión social, a Xunta de Galicia elaborou a Nova Axenda Social de Galicia en colaboración coa FEGAMP e tendo en conta o coñecemento sobre a pobreza e a exclusión social da EAPN-Galicia.

7.- Conclúe que as medidas desta Axenda Social, dirixidas directamente á poboación en maior situación de vulnerabilidade, clasifícanse en tres áreas: medidas de apoio á renda, de abordaxe da pobreza enerxética e de atención á inclusión residencial; e precisan da implicación das Administracións públicas e os axentes da sociedade civil. Sen prexuízo do anterior, cómpre sinalar que existen tamén outras que van dirixidas á promoción de programas/proxectos de inclusión social, de atención á dependencia, de abordaxe da pobreza infantil, de apoio á contratación de persoal especial para os Servizos sociais municipais, a entidades de iniciativa social, de colaboración con outros axentes.

Como consecuencia do anterior, en relación á Nova Axenda Social de Galicia que promove a Xunta de Galicia, en colaboración coa FEGAMP e as entidades de acción social do terceiro sector, DECLARO:

1.- Que esta Axenda Social, cuxas medidas están dirixidas de xeito prioritario a fogares con menores de 16 anos a cargo e con ingresos de traballo inferiores aos límiros da RISGA, é unha resposta axeitada para promover a inclusión social.

2.- Que a entidade a que represento comprométese a colaborar e cooperar no desenvolvemento das medidas que integran a Nova Axenda Social de Galicia, e na máxima coordinación efectiva entre as institucións implicadas, para promover a inclusión social das persoas e familias más vulnerables, e paliar deste xeito os efectos da exclusión e loitar contra as causas que a provocan.

3.- O compromiso da entidade que represento na difusión da Nova Axenda Social de Galicia entre os restantes actores relevantes do eido dos Servizos Sociais para conseguir a súa implicación e apoio expreso.

O presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP)

Alfredo L. García Rodríguez

O presidente da Rede Galega de Loita Contra a Pobreza e a Exclusión Social (EAPN-Galicia)

Antonio Hernández Fernández

Pola Xunta de Galicia acéptanse as adhesións recollidas neste documento sempre que se manteñan as condicións previstas no mesmo e coa finalidade última de pór en valor as medidas da Nova Axenda Social de Galicia.

O conselleiro de Política Social

José Manuel Rey Varela